

## PEZA DO MES

xaneiro

2009

---



**CERÁMICA COMÚN ROMANA**



LOCALIZACIÓN DA SONDAXE

## CERÁMICA COMÚN ROMANA

Cunca carenada con banda dixitada.

Séculos II-IV dC

Sondaxes arqueolóxicas na *Via Nova*. A Lama do Picón (Lobios), 1989

Depósito no MAPOu

No ano 1988 baixo o aval do Museo Arqueolóxico de Ourense e en base a convenios de colaboración subscritos entre o INEM e o Concello de Lobios comezábbase un proxecto de catalogación do seu patrimonio arqueolóxico por quedar parte das terras deste concello asolagadas polo futuro encoro de Lindoso. Os traballos de prospección –inicialmente– e de sondaxes e escavación –con posterioridade– nalgúns dos xacementos que entón se consideraban mais representativos, tiveron continuidade nos anos 1989 e 1990.

Coñecer con certeza o decurso ou trazado, ao longo do concello, da calzada romana coñecida como *Via Nova* –así chamada nos mesmos miliarios que balizan o seu decurso, e co cualificativo de nova, por ser construída en época flavia, fronte a outras máis antigas, de época augústea– era un dos obxectivos. Por iso os traballos de 1988 permitiron documentar, primeiramente, o *agger* ou plataforma da vía ao longo de 130 m. na paraxe coñecida como Ponte Nova, a carón da Corga do Crasto. Neste punto atopámonos hoxe cun dos mellores exemplos conservados do decurso viario nunha zona de montaña, no que para manter a súa rasante, media vía funciona como canteira e a outra media conformase mediante terraplén ou macizado, delimitado exteriormente mediante muro de contención ou de acompañamento, que, en xeral, chega xa ata nós moi por debaixo da súa altura orixinal, o que sen dúbida enmascara a ruptura de pendente antropizada que xerou a construción de dita vía.

Ao carón das vías colocábanse, para medir as distancias e cada mil pasos -ou o e que o mesmo, cada milla romana-, unhas columnas cilíndricas chamadas miliarios, ao xeito dos fitos ou marcos quilométricos actuais e os puntos coincidentes coa súa localización coñécense como reducións de milla. No ano 1989 os traballos de identificación leváronse ata aqueles puntos onde na década dos setenta do século pasado se localizaran miliarios desta vía coincidindo coa redución das millas 35 e 36, como así se marcaba nos propios miliarios, hoxe concentrados artificialmente na paraxe xa citada de A Ponte Nova.

Os traballos de 1989 pretendían tamén abrir novos fronte de investigación arqueolóxica con criterios estratigráficos, por iso trala roza superficial de vexetación que cubría o xa moi destruído *agger* da vía, realizáronse sondaxes en dous puntos das respectivas millas onde as evidencias superficiais parecían detectar dous miliarios caídos. Sospeita que se confirmou aparecendo na milla 35, e cuberto por sedimentos de ladeira, un novo miliario dedicado a a Constancio I “Cloro” e na segunda outro dedicado a Constantino I o Grande. No primeiro dos puntos –milla 35– detectábanse tamén superficialmente –nas proximidades do lugar de aparición do novo miliario– dous fragmentos de cerámica común romana que motivaron a realización dunha cata de sondaxe de sondaxe de 2,25 m<sup>2</sup>; cata na que se documentou grande cantidade de fragmentos de cerámica común romana de cuxo estudo resultaron tres grandes tipos formais: tapadeiras, escudelas ou cazolas e cuncas.

A definición de cerámica común romana é, en xeral, pouco clara, xa que se utiliza convencionalmente para reunir a toda unha serie de familias cerámicas nas que prima o aspecto funcional sobre o artístico; familias cerámicas onde podemos diferenciar, aténdenos a súa función, entre cerámica de cociña, de preparación de alimentos, de almacenaxe e de mesa. Trataríase, pois, de cerámicas utilizadas a cotío na cociña, na despensa e na mesa e carentes de valores suntuarios, o que as converte en pouco estudadas se as comparamos coas *sigillatas* e mesmo coas ánforas, e, polo tanto, na parente pobre das cerámicas romanas.

Os fragmentos recuperados corresponden todos eles a cerámica feita e torno e no conxunto sorprende a total ausencia de fragmentos correspondentes a olas –a *aula* ou *olla* latina–, en xeral case sempre presentes dentro do grupo de cerámica de cociña e de conservación e almacenamento de alimentos. Hai tamén unha total ausencia de pagadas de exposición ao lume como pode ser o afumado de superficies, especialmente na zona inferior das pezas. A maior cantidade de fragmentos –e deste xeito o maior número de pezas restauradas– corresponde á tapadeiras –*opercula*– cuxos diámetros oscilan entre os 19 e 24 cm. e destinadas a servir de cuberta, fundamentalmente, á cerámica de cociña facilitando a cocción dos alimentos ou mesmo só a súa conservación. No caso daquelas tapadeiras con pomo plano e ancho non se pode desbotar que tiveran unha



DETALLE DOS FRAGMENTOS NA SONDAXE

dobre funcionalidade tanto de tapadeira como prato dada a boa estabilidade facilitada por ditos pomos.

Seguen en importancia numérica os fragmentos correspondentes á cazolas con asas ou escudelas. A cazola –ou *caccabus*, como así se coñecía na Antigüidade– era sen dúbida a forma cerámica de cociña máis difundida na cidade de Pompeya. No noso caso trátase de cazolas con asas, con inflexión interior no borde adaptado para recibir unha tapadeira, de cor ocre produto dunha cocción oxidante e cun engobe vermello cando menos no interior da peza. Os seus diámetros están ao redor dos 22/23 cm. As cazolas, ao igual que as olas, son cerámicas de cociña, se ben pola súa forma adáptanse mellor a realización de asados e guisados, fronte ao cocido característico nas olas.

Finalmente os fragmentos procedentes da sondaxe nos sitúan ante un tipo de peza no que se conxugan o aspecto funcional e artístico, de tal xeito que mesmo poderían poñer en entredito a propia definición de cerámica común romana. Trátase dunha cunca cuxos fragmentos conservados nos proporcionan un deseño carenado, con bordo a xeito de viseira, moi exvasado, horizontal –o que tamén facilitaría a súa cuberta cunha tapadeira–, que traspasa claramente a amplitude máxima do corpo de dita peza, cun beizo convexo. Presenta ademais un cordón dixitado baixo o bordo en toda a súa extensión como gramática decorativa máis singular, se ben a propia carena aparece tamén enmarcada por dúas acanaladuras moi superficiais que delimitan o sector medio da peza. O seu diámetro máximo é de 21,2 cm. O fondo xa non se conservaba pero pola curvatura do seu corpo cabe sospeitar un fondo plano e amplo. A súa pasta é de cor ocre e na parte superior do bordo e no interior do corpo presenta aínda restos dun engobe moi diluído ou agoada de cor ocre amarronado. Non presenta tampouco evidencias superficiais de carbonización.

Este tipo de peza ten o seus paralelismos máis próximos na cerámica común romana da cidade de Lugo, nun dobre sentido: nas cuncas carenadas de bordo horizontal en canto a deseño formal e nas cuncas semiesféricas con banda aplicada dedada en canto á gramática decorativa do bordo. No caso das primeiras a xeral ausencia

nelas de manchas de carbonización –como na nosa peza– fai desbotar que se trate de cerámicas de cociña expostas ao lume, se ben iso non significa que puideran terse utilizado no servizo auxiliar de cocina; sen embargo, probablemente, a súa función máis común debeu ser a de cerámica de mesa de uso colectivo o que mesmo explicaría os valores estéticos presentes na peza. Uso na mesa que tamén se suxire para as cuncas dixitadas de Lugo.

En canto á cronoloxía destas pezas, os dous tipos de cuncas xa citados na cidade de Lugo véñense situando nos séculos II-III dC; cronoloxía esta que coincidiría cos momentos ben documentados de uso desta vía neste punto da Lama do Picón, onde un dos miliarios dedicado a Adriano (133 dC) conserva con claridade o numeral 35 –ao igual que o miliario de Caracalla–, sinalándonos así que a distancia ata onde se comezaba a medir –Braga– era de 35 millas. A presenza tamén de miliarios tardíos como o de Constancio I “Cloro” (293 dC), quizá permita ampliar ata o século IV o marco cronolóxico ofrecido para estas pezas.

Máis complexo resultar abordar a súa olaría de fabricación, pois máis aló dos paralelismos formais e decorativos coas cerámicas da cidade de Lugo, non podemos esquecer que o lugar do achado localízase próximo á cidade de Braga, centro oleiro de primeiro orde que non só fabricaría cerámica moi específica de luxo ou semiluxo –a coñecida como cerámica bracarense– senón tamén, probablemente, cerámicas comúns.


Finalmente, un problema importante é explicar a presenza deste conxunto cerámico sobre o hoxe ruinoso *agger* da vía e cuberto por unha capa de sedimentos de ladeira –como o miliario descuberto ao seu carón–; sedimentos directamente vinculados a un pequeno regato que baixa da Serra do Xurés que a súa vez debe verse como responsable do proceso erosivo de dito *agger*. No momento actual cabería pensar en mercadorías en tránsito caídas sobre a vía que o paso do tempo cubriu con sedimentos de ladeira. É tamén significativo que os miliarios fragmentados aquí localizados non presenten pegadas de ruptura pola acción do home, quizás porque foron rochas desprendidas desde a ladeira as responsables da súa fractura e mesmo de rebentar o muro de contención que contiña a plataforma da vía.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



## MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana— da que quedan algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense—, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente servir ao pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na nosa páxina web:

<http://www.xunta.es/conselle/cultura/patrimonio/museos/mapour>

## ESCOLMA DE ESCULTURA

En tanto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

**O horario de visita é o seguinte:**

martes a sábado: 9,30 a 14,30h

16,00 a 21,00h

domingo: 9,30 a 14,30h

luns pechado

## Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, a Carballeira), 32002. Ourense.

**Horario de atención ao público:** de luns a venres, de 9,30h a 14,30h e de 16,00h a 20,30h

## PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Manuel Xusto Rodríguez.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego. IMPRIME: Eidograf.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG 97-2004

Museo Arqueolóxico



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE